

INFORMACIÓNS DE INTERESE PARA O FINAL DO PRIMEIRO TRIMESTRE
2 de decembro de 2016

6 e 8 decembro FESTIVOS (NON LECTIVOS)

1. INFORME NOTAS 19 decembro

Devolver asinados antes das vacacións de nadal.

2. REIS MAGOS 19 decembro pola tarde

Visitarán a nenos/as de Infantil, 1º e 2º de Primaria e daranlles un agasallo o día 19 de decembro pola tarde.

ESTA ACTIVIDADE FAISE EN COLABORACIÓN COA ANPA COLEXIAL, QUE FINANCIA OS AGASALLOS.

3. FESTIVAIS DE NADAL 20 decembro

3º, 4º, 5º e 6º de Primaria. Día 20 de decembro ás 15:25 no Auditorio Gustavo Freire (Frigsa)

RECOLLER ENTRADA NO COLEXIO (informarase)

Infantil e 1º e 2º de Primaria. Día 20 de decembro ás 17:15 no Auditorio Gustavo Freire (Frigsa).

RECOLLER ENTRADA NO COLEXIO (informarase)

Necesitamos da colaboración de todos para que o Festival de Nadal sexa un agasallo para fillos/as e pais. **A ANPA dará a cada neno/a unhas gominolas.**

Se algún alumno/a non pode ser recollido no comedor, débese avisar antes do día.

FESTIVAL DE NADAL para E.S.O. (Auditorio Gustavo Freire, día 20 pola mañá):

O comezo das clases ese día será o habitual (8:40 horas). O alumnado de Secundaria sairá do Colexio de xeito gradual para comezar o festival ás 11:00. Ao remate do evento (en torno ás 13:30 horas) poden ir directamente á casa (**será necesaria unha autorización**). Estades invitados ao acto. **Teredes que recoller un TICKET PARA A ENTRADA, o mesmo día no auditorio para respetar o aforo.**

4. AS VACACIÓNS 21 decembro

- a. Infantil e Primaria terminan a clase ás 12:40.
- b. Secundaria termina a clase ás 13:00.
- c. **O comedor** funcionará normalmente ata as 15:00 h (recollida de alumnado pola zona peonil)
- d. Mantéñense as **actividades extraescolares**.

5. O curso reiniciará o vindeiro 9 de xaneiro de 2017 no seu horario habitual.

Bo Nadal e próspero Aninovo.

